



**XORÑADAS  
DE MÚSICA  
CONTEMPORÁNEA  
2017**

**MÚSICA  
[E OUTRAS  
ARTES]**

7 out-25 nov  
2017

Santiago de  
Compostela

**Manuel Blanco,  
trompeta**

**Karina Azizova,  
piano**

**VEN 24 NOV—20.30 h  
Paraninfo da Universidade**

# Programa

## LENDAS E FANTASÍAS

I

Arthur Honegger (1892-1955)  
*Intrada para trompeta e piano en si bemol maior H 193* (1947)

George Enesco (1881-1955)  
*Légende* (1906)

Claude Debussy (1862-1918)  
*L'Isle Joyeuse* (1904)

Gabriel Parès (1862-1934)  
*Fantaise-Caprice* (1911)

II

Julián Ávila  
*Lesá\** (2017)

Rodion Shchedrin (1932)  
*En el estilo de Albéniz op. 52* (1973)

Isaac Albéniz (1860-1909)  
*El Albaicín (Iberia, Cuaderno III, 1907)*

Peter Maxwell Davies (1934-2016)  
*Sonata para trompeta e piano* (1955)

\*Estrea absoluta. Encargo do CNDM

### Manuel Blanco, trompeta

Nacido en 1985 en Daimiel (Cidade Real), estudou trompeta con M. Baeza Rubio e J. M. Ortí Soriano e na actualidade recibe asesoramento musical de Reinhold Friedrich. Gañou concursos como o Ciudad de Xátiva, Calviá, Moixent, Jeju (Corea do Sur), pero o seu gran logro internacional chegou co primeiro premio do ARD Music Competition de Múnic 2011, no que obtivo a calificación máis alta da historia do certame. Traballou como trompeta solista en orquestras como Concertgebouw de Amsterdam, Gewandhaus de Leipzig, Filharmónica de Radio France, Gustav Mahler Jugend Orchester, European Youth Orchestra, Berlin Staatsoper, Filarmónica Arturo Toscanini, Orquestra Mozart Bologna, a Orquestra Teatro alla Scala Milán e Nacional de España, xunto a grandes batutas como Abbado, Jansons, Fr beck de Burgos, Maazel, Mehta, Barenboim, Chailly, Dudamel, Nelsons, Pons, Mena, Heras-Casado, Pehlivanian, Salado, Baeza- Rubio, Olivieri-Munroe, Bychkov, Eschenbach ou Afkham. Como concertista, tocou coas orquestras da Radio de Baviera, da Radio de Múnic, RTVE, Nacional de España, Navarra, Bilbao e Municipal de Valencia, orquestras de cámara de Múnic e Budapest, Jeju Philharmonic Orchestra, Camerata XXI, Philharmonisches Orchester W rzburg, Capella Symphonic Orchestra (St. Petersburg), Hofer Symphoniker, Niederrheinische Sinfoniker, Norddeutsche Philharmonie Rostock, etc. O seu interese pola música de cámara, levouno a liderar o Mediterranean Chamber Brass, que actuou por todo o mundo con premios internacionais en competicións como o Festival de Jeju (Corea do Sul), Lieksa Brass Week (Finlandia), Múnic, etc. Nos seus próximos proxectos inclúense numerosos concertos de solista con orquestras de recoñecido prestixio, recitais con piano e órgano e o lanzamento do seu primeiro CD como solista cos concertos de Mozart, Haydn, Tomasi e Zimmermann, xunto á ONE e o mestre J. Pons.

## KARINA AZIZOVA, piano

Nace en Ashgabad (Turkmenistán) onde comeza os seus estudos de piano con sete anos. En 1988 accede á Escola Central de Música de Moscú e acada en 1999 o título superior de piano no Conservatorio P. Tchaikovski desa cidade co prestixioso profesor L. Naumov. En 1993 gaña o primeiro Premio do Concurso Internacional de Piano de Raguza (Italia); en 1994, o Primeiro Premio do Concurso Internacional de Piano de Ostuni (Italia) e en 1996, o Segundo Premio do Concurso Internacional de Piano de Vladicaucz (Rusia). Desde o ano 2000, reside en España onde actúa con frecuencia en salas tan importantes como Auditorio Nacional de Madrid, Teatro Monumental, Teatros del Canal, Museo Reina Sofía, Fundación Juan March, Fundación Canal Isabel II, Palau de la Música Catalana, Palacio de Congresos de Santander, Teatro Rosalía de Castro d'A Coruña etc. Actuou en prestixiosos festivais de España (Festival de Verano en el Escorial, Festival de Música y Danza de Granada, Festival Internacional de Santander), de Croacia (Festival de verano en Dubrovnik "Letnie Igrī", "Samoborska jesen"), de Marruecos (Festival de Fez), etc. Nos últimos anos Karina Azizova colabora cos acreditados músicos como Radovan Vlatkovic, Ewa Podles, Teresa Berganza, Hermann Baumann, Manuel Blanco, Gerard Caussé, etc. Actúa con frecuencia como solista con diversas orquestras de España. Na actualidade é pianista titular da Orquesta e do Coro de la Comunidad de Madrid, tendo participado nos distintos ciclos desta agrupación. Karina Azizova ten ofrecido numerosos recitais tanto en España como en Italia, Irlanda, Rusia, Turkmenistán, China e Estados Unidos.

[Arthur Honegger](#), a pesar de pertencer ao famoso Grupo dos Seis, mantívose fóra dos principios estéticos deste movemento dado o seu espírito independente. A súa obra *Intrada* para trompeta e piano en si bemol maior H 193 (1947), escrita como unha peza académica, chegou ser unha das obras máis solicitadas en audicións orquestrais do repertorio para ese instrumento. Segundo o modelo da obertura francesa, está conformada por tres seccións: Maestoso - Allegro - Maestoso, este a modo de reexposición. O tema de apertura preséntase cunha gran amplitude melódica para continuar cunha parte máis cantabile. No Allegro, Honegger usa unha melodía máis danzarina con ritmos nos que, constantemente, varía a acentuación dos compases; nesta parte aparece un fragmento moi rítmico que inclúe un triplo picado do solista. O tema inicial reaparece, cunha lixeira variación, na última sección con carácter distinguido.

O catálogo de [George Enesco](#) non é moi amplo, trinta e tres opus e algunhas páxinas non numeradas ou inacabadas, e nel predomina a obra camerística que inclúe arredor de quince obras de importancia. *Légende* é un concerto escrito para trompeta e orquestra, dedicado ao prestixioso solista e profesor francés Merri Franquin, do que o

compositor e trompetista alemán Oskar Böhme realizou unha redución para trompeta e piano. Trátase dunha peza de gran expresividade, que esixe certo dramatismo interpretativo na que se mesturan paixón e heroísmo no seu comezo; a peza amosa suaves pasaxes de filigranas da trompeta cun complexo e efectivo acompañamento do piano. As indicacións do autor na partitura: doce, grave, ansioso, patético, gracioso, movemento axitado, cantante, vivo, furiosamente, soñador etc, amosan o carácter envolvente e arrebatado da música. Inspirado no cadro de Jean-Antoine Watteau, *L'embarquement pour Cythère*, [Claude Debussy](#) compuxo entre 1903 e 1904 *L'isle joyeuse*, un traballo nun movemento de gran evocación tímbrica sobre referencias pictóricas e mitolóxicas na que o autor parece construír a súa peculiar homenaxe á deidade do amor. *L'isle joyeuse* é tamén un xogo de luz mediterránea, exótica, pola inclusión de danzas en contrapunto e polo uso da marca 'debussiana' de escalas de tons enteiros. O propio compositor recoñeceu a dificultade interpretativa da peza nunha carta ao seu editor "Por Deus!, que difícil é interpretala! Esta peza parece que reúne todas as formas de ataque ao piano, posto que xunta forza e graza

**Gabriel Parès** estudou composición con Dubois e Delibes e corneta no Conservatorio Superior de Música de París onde, en 1893, se converteu en director da famosa Banda da Garda Republicana, posto no que permaneceu ata 1911. Ademais das súas excelentes adaptacións de obras clásicas para a orquestra de vento, como a *Sinfonía Fantástica de Berlioz* ou as suites de *L'Arlesienne* de Bizet, tamén escribiu traballos propios para eses instrumentos que tiveron grande éxito. É considerado un pioneiro da música do vento sinfónico, especialmente co seu traballo habitual de instrumentación para bandas militares, bandas populares e fanfarras, así como coas súas propias composicións, entre elas esta fantasía escrita en 1911.

**Juan Ávila**. “LESA (La Electricidad S.A.) son siglas da fábrica de Sabadell na que se construíu a sirena que alertou do bombardeo de Gernika hai 80 anos. Esta obra é o meu tributo ao son que anunciou á súa poboación da barbarie vindeira. A sirena de aviso, a través do estudo e a súa abstracción musical, tómase como punto de partida na obra. Con este fin, as trompetas están preparadas, tócanse sen bombas, de tal forma que o son pode saír en múltiples direccións do propio instrumento, así como realizar glisandos con trinos de forma continua en case todo o seu rexistro”

Ruso, nacionalizado español, **Rodion Shchedrin** é un compositor vinculado esteticamente con Shostakovich, a quen sucedeu na presidencia da Unión de Compositores Soviéticos. A súa música é brillante, ecléctica e, de magnífica feitura técnica caracterizándose as primeiras composicións pola súa tonalidade, colorido, orquestración que inclúen con frecuencia momentos de música folclórica, mentres que nas posteriores destaca a música aleatoria e as técnicas seriais.

*In the style of Albéniz*, op. 52 (con arranxos para diferentes instrumentos) é un descubrimento perfectamente adicional das obras precedentes desde a visión e inspiración de Shchedrin, o humor cativador xirgado pola herdanza rusa e levado a unha partitura actual, vital, agradecida para ambos intérpretes, ímpeto e respecto pola linguaxe propia de acenos inconfundibles.

“Pocas obras de música valen o que *El Albaicín*, onde se atopa a atmosfera desas noites de España que olen a caravel e a augardente. É como os sons enxordecidos dunha guitarra que se queixa na noite, con bruscos espertares e nerviosos sobresaltos” así falaba Debussy de *El Albaicín* de **Isaac Albéniz**, peza que encabeza o terceiro cuadernos da suite Iberia (1905-1908) cuxo título remite ao barrio xitano granadino. A peza arranca dunha bulería para se erixir na alternancia de tres claras seccións de alto e definido contraste entre si, un tema principal a modo de danza, e rítmico, e o tema secundario máis libre e en estilo de copla.

O compositor inglés **Peter Maxwell Davies** foi membro, xunto con Birtwistle e Alexander Goehr, do Novo Grupo de Música de Manchester. Davies foi un prolífico compositor que compuxo gran variedade de estilos e idiomas ao longo da súa carreira, a miúdo combinando estilos dispares nunha sa peza. As primeiras obras adoitan usar técnicas seriais, ás veces mesturadas con métodos de composición medievais e renacentistas. Esta *Sonata para trompeta en re* ten tres movementos curtos, dos que o primeiro é un Allegro que parte dun motivo de fanfarra e que tamén abre a ópera *Taverner*. Despois sobrevén un movemento lento que finalmente, outro movemento rápido cheo de emoción.

XORNADAS  
DE MÚSICA  
CONTEMPORÁNEA  
2017

MÚSICA  
[E OUTRAS  
ARTES]



CONCELLO DE SANTIAGO

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONSORCIO DE SANTIAGO



GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE



Centro Nacional de Difusión Musical CNDM



GOBIERNO DE ESPAÑA



CONCELLO DE SANTIAGO



XUNTA DE GALICIA



Deputación DA CORUÑA